


CANTO VAL UNHA VACA?

Da cuestión agraria á cuestión pecuaria en Galicia

Diego Conde Gómez



Deputación
DA CORUÑA

Poderíamos entender unha Galicia sen vacas?

Que papel xogou a gandería nas transformacións do agro galego e quen foron os seu promotores?

Por que dicía Castelao que o que non lle dá de comer a unha vaca non ten dereito a muxila, ou que o día que emitamos papel moeda estamparemos nel soamente a figura dunha vaca, como símbolo da nosa economía?

Como naceu a Raza Rubia Galega? Cal foi a labor da profesión veterinaria na súa mellora?

En definitiva, CAL É O VALOR DA VACA NA CONFORMACIÓN DA GALICIA CONTEMPORÁNEA?

A obra gañadora do IX Premio de Ensaio "Manuel Murguía" da Deputación da Coruña, é unha achega que responde dende un punto de vista histórico e social ao papel que a gandería, e en especial o gando vacún, tivo no desenvolvemento contemporáneo da economía rural galega. Unha viaxe dende o pasado para entender o presente, onde se pon de manifesto o carácter diferencial que a cuestión pecuaria aporta ao sector agrario galego e a súa articulación.